



FAÍSCA

REVISTA DE INFORMACIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE O PINO

ANO 2019 NÚMERO 11





COMITIVA DE REIS



11:00
11:15
12:15
12:30
12:50
13:15
13:30
13:45
17:20
17:40
17:45
18:00
19:30



PEREIRA, Campo de Festas
CASTROFEITO, Escola de Santiso
BUDIÑO, Campo de Festas
O PINO, Campo de Festas
GONZAR, Campo de Festas
MEDÍN, Campo de Festas
PASTOR, Campo de Festas
LARDEIROS, Campo de Festas
SAN BREIXO, Campo de Festas
SAN MAMEDE, Campo de Festas
SÁN MIGUEL DE CERCEDA, Igrexa
CEBREIRO, Campo de Festas
CHEGADA AO POLIDEPORATIVO MUNICIPAL

- A partir das 17:00 horas, inchables no polideportivo municipal
- Antes da chegada das SS.MM. farase entrega dos premios aos gañadores do Concurso de Postais
- Remataremos a festa co tradicional chocolate e roscón de Reis



XXI CONCURSO DE DISFRACES E CARTEIS



CONCURSO DE DISFRACES

- Poden participar todas as persoas que acudan disfrazadas.
- Os participantes deberán anotarse durante a semana anterior no mail cultura@opino.gal ou na Casa de Cultura. O día do desfile poderán facelo na praza do Concello ás 16.00 horas.
- O concurso celebrarase o domingo día 23 de febreiro de 2020 ás 17:30h na Praza do Concello.

IV.- Outorgaranse premios polas seguintes categorías:

1º PREMIO INFANTIL	100€
2º PREMIO INFANTIL	75€
MÁIS ORIXINAL	100€
INDIVIDUAL	100€
PARELLA	125€
GRUPO	150€
CARROZA	200€
COMPARSA	350€

Nota: Todos os rapaces/as de ata 12 anos que desfilen no escenario terán un agasallo.

- As comparsas terán que ter polo menos 10 membros que representarán un mesmo motivo.

- O grupo terá como mínimo 3 persoas e máximo 9 e representarán un mesmo motivo.
- As carrozas serán como mínimo de 4 persoas representando algún tema enriba dun móbil (carro, tractor, etc...) e terán que estar todos os compoñentes (agás o condutor) enriba del.

CONCURSO DE CARTEIS

- Poden participar todos os nenos e nenas de entre 3 e 17 anos que estean empadroadas no Concello de O Pino.
- Establécense catro categorías: 3 a 5 anos - 6 a 8 anos - 9 a 11 anos - 12 a 17 anos.
- O cartel gañador será o elexido para anunciar os festexos do Entroido por todo o termo municipal. O gañador de cada categoría recibirá un agasallo.
- Os debuxos deben ser en formato A-4 e levar nalgún sitio a lenda 'O Pino. Entroido 2020'. No reverso indicarán o nome do autor, idade e teléfono de contacto.
- O prazo para participar no concurso remata o venres 31 de xaneiro de 2020.



Poñer en valor o noso e asumir compromisos

Veciñas e veciños:

Nun ano que estivo marcado polas eleccións municipais e a renovación da Corporación, quero comezar dando as grazas a quen confiaron no proxecto que presentou o meu partido para seguir gobernando no Pino e asegurándolles a todos os veciños e veciñas que, como alcalde e dende a Corporación municipal, seguiremos traballando arreo para mellorar a calidade de vida de todas as persoas que viven no Pino. Máis aló dos diferentes puntos de vista que poidamos ter os tres grupos representados no Concello, seremos quen de poñernos de acordo para sacar adiante aqueles proxectos que necesita o noso municipio para seguir avanzando. Un labor no que os traballadores e traballadoras municipais teñen un importante papel que quero destacar e loubar.

E unha parte importante para construír un futuro mellor é ter en conta o que levamos feito ata o de agora e, sobre todo, aqueles proxectos nos que fomos pioneiros. Como o 'Camiña e Descubre', que dende hai seis anos axuda á veciñanza a coñecer un pouco máis os diferentes camiños que terminan en Compostela.

Unha iniciativa que agora están iniciando noutros municipios, conscientes da importancia que ten para a nosa economía e proxección internacional do Camiño de Santiago.

Contamos con servizos de conciliación –como a escola infantil A Galiña Azul, os programas de lecer primavera, verán ou Nadal, os 'Vai de praia' e 'Vai de auga', o Club dos Venres e unha ampla programación cultural– que favorecen a formación, o entretemento e o coidado dos nosos maiores e dos máis novos mentres os pais e nais están traballando. So-

mos un concello solidario, como demostramos co Nadal Benéfico, que dende 2013 nos permite a todos e todas aportar alimentos non perecedoiros e outros produtos que o resto do ano axudan a moitas familias a superar situacións de emerxencia. Un programa que nos últimos anos, reforzaron outros colectivos e entidades co mesmo obxectivo: axudar ás persoas con menos recursos ou que pasan por malos momentos puntuais. Esta é tamén a finalidade dalgúns dos programas do departamento de Servizos Sociais que, coa axuda no fogar ou a teleasistencia, favorecen o arraigo dos nosos maiores na casa na que sempre viviron.

Son exemplos das iniciativas que levamos anos poñendo en marcha, como os cursos de formación que promovemos dende diferentes concellarías –con fondos propios ou en colaboración con outras entidades–,



que axudan á nosa veciñanza a mellorar as súas condicións para incorporarse ao mercado laboral, a manter vivas tradicións que nos legaron os nosos devanceiros ou que permiten innovar e son motivo de orgullo para todos nós. Algo que a artesá Ana Rosa Lista soubo valorar cando decidiu que ficase no Pino o seu cadro de encaixe *O gaitero de Arca*, unha réplica da obra do noso Fillo Predilecto Luis Seoane. E que tamén destacou Miguel Ángel García, xuíz árbitro internacional que acudiu á Festa do Galo e que resaltou as melloras introducidas este ano.



Manuel Taboada Vigo
Alcalde de O Pino

Seguiremos apostando porque pequenos e maiores manteñan unha vida activa e saudable cunha ampla e variada programación deportiva para todas as idades, que tamén levamos ás parroquias. Continuaremos poñendo en valor o noso patrimonio, a nosa paisaxe e todo o que vimos facendo ben dende hai anos, e asumiremos os nosos compromisos. Velando pola seguridade da veciñanza reclamámoslle ao Ministerio de Fomento que mellore as conexións coa autovía ao tempo que favorecemos alternativas dende o Concello, aínda que non sexan da nosa competencia. Mantémonos firmes na

defensa do medio natural e, xunto a outra medidas, instalamos colectores para reciclar o aceite de cociña usado.

Queda camiño por percorrer, porque a sociedade na que vivimos evoluciona de forma constante e cada vez a maior velocidade. Pero estou seguro de que, tendo claro o obxectivo que queremos acadar e traballando todos xuntos como viñemos facendo ata o de agora, imos ser quen de conseguilo.

Feliz Nadal e venturoso ano 2020.

6 'Vai de praia' e 'Vai de auga' para fomentar unha vida saudable en todas as idades



7 Información e formación para as familias en relación ao parto con 'Mimos de mamá'



9 Máis de 200 persoas corren pola igualdade e rexeitan a violencia de xénero



10 Telesistencia e Axuda no fogar para favorecer o arraigo das persoas maiores



13 O Concello esixe a Fomento arranxar os accesos á A-54 e asfalta unha pista na Salceda



17 Veciños e veciñas percorren o Camiño Portugués grazas ao 'Camiña e Descubre'



18 O Pino dá a coñecer os seus encantos turísticos co vídeo 'Sinte o latexo'



20 Récord de asistencia na Festa do Galo con valoración dun xuíz internacional



23 A Xornada Urbana deixa música, obradoiros e arte e un macromural colectivo



26 Ampla programación cultural e espectáculos para a fin de curso e no verán



29 Homenaxe a Ana Rosa Lista, que lle regala ao Pino o cadro 'O gaiteiro de Arca'



31 Bos resultados dos atletas do Pino na fase comarcal do Campionato de cros escolar



32 O envellecemento activo triunfa no Pino e o ioga e pilates gañan adeptos cada ano



34 A participación nas escolas deportivas e na carreira pedestre popular baten récord



DIRECTORIO

Concello de O Pino

Praza do Concello, s/n
15821 Pedrouzo • Arca
Teléfono centraliña.....981 511 002
Fax.....981 511 123
correo@opino.gal
www.opino.gal
facebook.com/ConcelloDoPino

Casa da Cultura/Biblioteca Municipal:

Teléfono.....981 511 065

Xulgado de Paz

Teléfono.....981 511 168

Centros educativos

CPI Camiño de Santiago881 867 011
Unitaria de Gonzar696 975 078
Escola Infantil Galiña Azul.....981 511 012

Servizos sanitarios

Centro de Saúde Arca.....981 814 392
Urxencias Médicas061 • 112
Farmacia Dolores Ordoñez.....981 511 055
Farmacia Salvador Pazos981 511 054

Emerxencias

Garda Civil Arca.....981 511 052
Urxencias Garda Civil062
Protección Civil112
Incendios.....085

Transportes

Taxi licencia nº2669 945 381
Taxi licencia nº7608 981 630
Taxi licencia nº10659 680 823
Taxi licencia nº12662 175 978
Empresa Freire.....981 588 111
Empresa Arriva.....981 330 046

Servizos de limpeza e medio ambiente

Punto limpo-recollida lixo.....981 693 072
Servizo de Augas.....628 087 459
Permiso de queima de
residuos agrícolas902 112 000

Outros servizos de interese

Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-
Tambre-Mandeo (O Pino).....981 511 377
Xulgado 1ª Instancia (Arzúa).981 500 011
Oficina Agraria Comarcal
(Arzúa).....981 500 062
Rexistro (Arzúa).....981 500 475
Xunta de Galicia.....981 545 400 • 012
Servizo Provincial
Recadación (Santiago).....981 599 966
Deputación da Coruña.....981 080 300
Cita Previa DNI.....902 247 364

FAÍSCA

Edita

Concello de O Pino

Deseño, maquetación e textos

Alicentis SL

Fotografías

Concello de O Pino, Alicentis SL

Depósito Legal: C 2120-2017

Decembro 2019. Publicación gratuita do Concello de O Pino. Permítese a reprodución sempre que se cite a fonte.



A XXIII Xuntanza dos Maiores reúne 900 persoas

Arredor de 900 persoas reuníronse na Capela da Madalena en Castrofeito para celebrar a vixésimo terceira Xuntanza dos Maiores, unha cita que se consolida no calendario festivo do mes de xullo e que serve ademais para distinguir aos veciños e veciñas máis lonxevos do Pino. Nunha xornada marcada polo bo tempo, os homenaxeados nesta última edición da festa foron Carmen Ferro, Purificación Martínez, Abelardo Paz, Dolores Ben, Manuela Moscoso e Basilisa Suárez.

A Banda de Música de Arca abriu os festexos cun concerto. A seguir, tivo lugar unha multitudinaria misa de campaña oficiada polo párroco Jesús Rial, que celebraba nesta data os 50 anos da súa ordenación sacerdotal. O momento máis emotivo do día chegou coa entrega das distincións aos veciños nados nos anos 1925 e 1926, aos que se sumou a homenaxe á case centenaria Carmen Ferro Seijo, quen compartiu o seu segredo da lonxevidade: "traballar toda a vida e botar algún baile".

O tradicional xantar de confraternidade, preparado polo restaurante A Magdalena, constou de empanada, troitas, polbo e carne ao caldeiro. Finalmente, o Dúo Eva e Camilo puxo a nota musical na sobremesa dunha intensa xornada para o recordo.



Escanea o código para ver o vídeo.





Balnearios e praias para unha vida saudable

No referido á promoción dun modo de vida saudable, hai dous programas impulsados polo Concello do Pino que a día de hoxe están moi consolidados grazas ao apoio da veciñanza. Trátase de 'Vai de praia' e 'Vai de auga', dúas iniciativas que facilitan o desprazamento tanto ao litoral, no verán, coma ao balneario, para que todas as persoas que así o desexen poidan realizar actividades beneficiosas para a saúde e o benestar no seu tempo de lecer.

Deste xeito, organizáronse cinco sesións no Balneario de Cuntis dirixidas a veciños e veciñas maiores de idade, que se celebraron nos mércores do mes de maio e o primeiro mércores de xuño. Por un prezo de 70 euros, a actividade incluía os desprazamentos en autobús dende a Praza do Concello e o baño nas augas termais de Cuntis.

Coa chegada do bo tempo botou a andar un ano máis o programa 'Vai

de praia', con excursións en autobús a diferentes areas galegas programadas para os martes e sábados de xullo e agosto, entre as dez da mañá e as oito da tarde. Os destinos costeiros elixidos foron as praias de Boiro, Sanxenxo (Montalvo e Canelas), Muros (San Francisco) e Miño. Por un prezo de 10 euros o día, ou 8 euros en caso de adquirir un bono de catro ou máis viaxes, os participantes puideron gozar de xornadas completas á beira do mar.



Solidariedade e doazón de sangue

Son moitas as visitas que ao longo do ano realiza a unidade móbil de doazón de sangue ao Pino. A través de notificacións na súa web e nas redes sociais, o Concello reforza os chamamentos da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue informando da data, do horario e da localización desta unidade móbil —instalada habitualmente fronte á casa consistorial—, para que todos aqueles veciños e veciñas que así o desexen poidan doar sangue. Como se indica nas convocatorias, "se tes máis de 18 anos e pesas máis de 50 kg só precisas 10 minutos da túa vida para salvar a doutros".

Información para familias con 'Mimos de mamá'

"Que queremos as familias no nacemento e na crianza d@s nos@s fill@s?". O primeiro ciclo de conferencias 'Mimos de mamá', organizado pola Concellaría de Cultura e celebrado en maio, tratou de dar resposta a esta pregunta aportando información para as familias desde diferentes puntos de vista. Así, a Casa da Cultura acolleu cinco charlas prácticas con temáticas variadas do ámbito da saúde, a crianza, a seguridade e a administración.



O CICLO MENSTRUAL

Rosario Rivas Mato, matrona no Centro de Saúde de O Pino-Touro, foi a encargada de inaugurar o ciclo de conferencias cunha charla na que explicou os aspectos máis importantes do ciclo menstrual, dirixida a rapazas de sexto de Primaria e primeiro da ESO do CPI Camiño de Santiago.



PARASITOSIS INTESTINAIS E SOLO PÉLVICO

A pediatra Amelia Villanueva e a enfermeira Esther Morigosa ofreceron unha charla-coloquio sobre parasitoses intestinais, a febre nas crianzas e a importancia das vacinas. A continuación, a matrona Rosario Rivas falou dos cuidados do solo pélvico no postparto para unha boa recuperación.



LACTANCIA MATERNA E PORTEO SEGURO

Voluntarias da *Asociación Alecría* e *Gaia Ecocrianza* dirixiron un faladoiro práctico sobre dous aspectos da crianza e do fortalecemento do apego. Dunha banda, sobre a importancia da lactancia materna. E doutra, sobre os beneficios do porteo para os bebés e as familias e os diferentes tipos de portabebés: fular, mochila evolutiva, meitai, mochilas *toddler*...



SEGURIDADE VIAL E REXISTRO DO BEBÉ

Na última sesión do ciclo, o sarxento da Garda Civil José Eira Fernández informou con detalle dos sistemas de retención infantil e das normas de seguridade viaria para embarazadas. Ademais, a traballadora social Adriana Fernández Pérez asesorou sobre aspectos prácticos ante a chegada dun bebé como o rexistro, as axudas ou a tarxeta de benvida.

O Concello concedeu 54.000 € en axudas a entidades locais

O Concello de O Pino concedeu durante o exercicio 2019 máis de 54.000 euros de fondos propios en axudas e subvencións para actividades de mantemento e promoción de actividades ás asociacións entidades, igrexas e clubs do municipio.

ENTIDADE	(€)
CPI Camiño de Santiago	1.500
Escola Unitaria de Gonzar	462
ANPA CPI Camiño de Santiago	6.000
Banda de Música de Arca	8.500
A. Gaitas Airiños de Gonzar	900
Asociación Feitizo	900
A.C. Os da Volta de S. Xulián	700
Sociedade Deportiva O Pino	6.500
Club Atletismo O Pino	2.200
Club Montaevai BTT O Pino	1.200
S. de Cazadores A Magdalena	1.500
A. Veciñal de S. Estebo de Medín	500
A. de Veciños de Arca	1.200
A. de Veciños Castrofeito	1.200
Cáritas Parroquial de Arca	1.200
Igrexa de Lardeiros	1.700
Igrexa de Gonzar	1.700
Igrexa de Pastor	1.700
I. San Mamede de Ferreiros	1.700
I. San Breixo de Ferreiros	1.700
Igrexa de Cerceda	1.700
Igrexa de Cebreiro	1.700
Igrexa de Castrofeito	1.700
Igrexa de Arca	1.700
Igrexa de S. Vicenso de O Pino	1.700
Igrexa de Budiño	1.700
Igrexa de Medin	1.700
TOTAL	54.862 €



Actividades de lecer para conciliar durante as vacacións escolares

Lecer Nadal, Lecer Primavera e Escola de Verán. Son as tres pezas do puzzle da conciliación familiar e laboral que fan que os pequenos e pequenas do Pino realicen actividades lúdicas, ao tempo que educativas, nos períodos de vacacións escolares. Os departamentos de Servizos Sociais e De-

portes organizan estes programas, dirixidos a nenas e nenos de 3 a 12 anos, que se celebran nas instalacións do CPI Camiño de Santiago, en Arca. Algunhas das actividades que se realizan son obradoiros, rutas de sendeirismo, deportes, xogos e excursións culturais.



Nadal Benéfico: Recoller alimentos e produtos para familias en apuros

O Concello de O Pino poñía en marcha no ano 2013 a campaña 'Nadal Benéfico' coa finalidade de recoller alimentos non perecedoiros e produtos de hixiene e limpeza que, durante o resto do ano, de acordo coa Cruz Vermella ou co departamento de Servizos Sociais, se van repartindo entre as familias que pasan por algunha situación de emerxencia. Do 1 de decembro ata o 31 de xaneiro hai

un caixón na casa de cultura para recoller estes produtos, que se gardan no almacén municipal. "As aportacións pódense facer o resto do ano, houbo que nos trouxo un saco de patacas recién arrincadas, que axudaron a varias familias", di a concelleira de Cultura. Latas de conservas, comida ou froita enlatada, aceite, potitos para os bebés –que tamén poden tomar persoas maiores–, compre-



sas, cueiros, xabón, aceite, son algúns exemplos. A comida preparada sempre é unha boa opción, porque algunhas das familias que as reciben non teñen nin con que cociñar.

Máis de 200 persoas corren pola Igualdade



Con motivo do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o Concello de O Pino organizou unha semana de actividades que incluíu o 23 de novembro a I Andaina e Carreira pola Igualdade. Manuel Taboada, alcalde de O Pino, encargouse de dar comezo á xornada coa lectura dun manifesto en prol da igualdade. Tras o acto conmemorativo, máis de 200 persoas emprenderon o percorrido de 5 quilómetros como símbolo de loita contra esta lacra.

A Área Recreativa da Madalena en Castrofeito reuniu a máis de 200 persoas que quixeron unirse aos propósitos que se expuxeron no manifesto contra a violencia machista. Unha vez rematada a lectura do manifesto e o minuto de silencio en memoria das que xa non están, comezaron a andaina e a carreira, na que participaron máis de 200 veciños e veciñas de todas as idades e xéneros, quen percorreron 5 quilómetros pola contorna do Concello de O Pino co

propósito simbólico de poñer punto final a esta lacra social. Amador Pena e Mariam Ferrán venceron na categoría absoluta con 18:04 e 20:56 minutos respectivamente.

O departamento de Servizos Sociais tamén organizou un curso de defensa persoal, no que participaron 23 mulleres con idades comprendidas entre os 20 e os 77 anos, e un curso sobre sucesións e testamentos con 23 asistentes.



LECTURA DUN MANIFESTO

Antes de comezar a competición, Manuel Taboada foi o encargado de dar voz a este acto institucional, no que se rexeitou a violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións; se recoñeceu a importancia da prevención, educación e promoción de políticas de igualdade; e recordou as máis de 50 mulleres asasinadas neste ano nun minuto de silencio.



Axuda no Fogar, un servizo á veciñanza que apoia o arraigo

Luisa Míguez Bahamonde segue tendo un espírito independente aos seus 91 anos. Viúva desde hai máis dun decenio, vive desde que casou na mesma casa da Pulleira, en Lardeiros, e non pensa cambiar: "Mentres poida andar", conta, "estou mellor aquí". O Servizo de Axuda no Fogar faille máis levadeiro o día a día e axúdalle a manter ese espírito que a acompaña desde hai case un século. A súa auxiliar, María Jesús, "vive alí, pola estrada", e sinala co dedo. Porque a proximidade, tanto física coma no trato, é fundamental neste servizo, do que se benefician no Pino 24 persoas dependentes e outras 13 na quenda de libre concorrencia.

En conxunto, O Pino conta cunhas 860 horas de atención ao mes para dependentes e 250 para postos de libre concorrencia. No caso de quen ten recoñecida a dependencia, o financiamento chega tanto do Concello coma da Xunta de Galicia, e quen goza deste servizo achega unha cantidade como copago en función da súa capacidade económica. Para os postos de libre concorrencia achegan fondos tanto o Concello coma a Deputa-



ción e os usuarios, tamén segundo a capacidade económica. Desde o departamento de Servizos Sociais explican que este servizo, coma o de Teleasistencia con 13 beneficiarios no Pino ou o Xantar na casa, eran pouco coñecidos, pero "agora por sorte a xente xa sabe da súa existencia e nolos reclaman".

O Servizo de Axuda no Fogar é fundamental para manter no territorio, no lugar no que se desenvolveron en moitos casos toda a súa vida, a veciños e veciñas con problemas de saúde ou de mobilidade. Dezaoito persoas dunha empresa concessionaria implícanse en tarefas tan diversas coma a limpeza, preparar o almuerzo ou a comida, no aseo persoal e mesmo na supervisión da medicación, se fose necesario.

O XANTAR NA CASA

O programa Xantar na casa, financiado polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar e polo Concello co apoio dun copago dos usuarios e usuarias, ten como obxectivo influír e mellorar a alimentación das persoas maiores e favorecer que poidan seguir vivindo no seu fogar. Na actualidade, dez persoas reciben no Pino menús saudables, previndo situacións de risco, facilitando un respiro a persoas e cuidadores e permitindo tamén un seguimento individual de cada usuario por parte do persoal. O servizo é semanal e, en concreto, no Pino a comida repártese os venres.

Teleasistencia, un lugar ao que acudir en caso de apuro ou emerxencia

Con 74 anos, Erminda Seijo Vázquez, de Agrolongo, é nai de cinco fillos. Un deles vive na casa, pero por cuestións laborais pasa moito tempo fóra. Erminda é usuaria do servizo de Teleasistencia, que lle permite, a través dun pulsador, conectar cun centro de atención telefónica en caso de necesidade. O uso do pulsador é moi sinxelo. Para que funcione é necesario estar na casa, dentro da zona de cobertura do aparello, e basta con premer o

botón para chamar. Por veces non é necesario pulsalo para recibir unha chamada: o persoal contacta con ela todas as semanas para interesarse polo seu estado, para felicitarlle o aniversario ou o Nadal, mesmo o día do santo: "Fíxate que nunca tiven santo e agora descubríronmo. Polo visto Erminda non hai, pero santa Herminia si", conta en broma. Erminda nunca tivo que usar o pulsador, pero telo dálle tranquilidade, a ela é súa familia.





Inserción laboral co obradoiro de emprego

Oito dos vinte alumnos que se formaron en tarefas auxiliares de xardinería no obradoiro dual de emprego O Pino-Arzúa atoparon traballo antes da finalización deste. Tras unha formación teórica e práctica de nove meses, todos eles obtiveron o certificado de profesionalidade “que facilita a súa incorporación ao mercado laboral”, como recordou o delegado da Xunta de Galicia na provincia da Coruña, Ovidio Rodeiro, no acto de clausura. Pola súa banda Manuel Taboada, alcalde do Pino, resaltou “a importancia da formación e a experiencia acumulada por todo o alumnado”. Na clausura tamén estiveron presentes o alcalde de Arzúa e o xefe territorial da



Consellería de Economía, Emprego e Industria na Coruña.

Este obradoiro dual de emprego de “Actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería” desenvolveuse entre o 2 de novembro de 2018 e o 1 de agosto de 2019.

Contou cunha achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 317.000 euros.

Os traballos prácticos realizados polas alumnas e alumnos no municipio do Pino estiveron enfocados á posta en valor de puntos estratéxicos do Camiño de Santiago, como a conservación, o mantemento e a instalación de mobiliario. Así, acondiciáronse a carballeira de Outeiro e as áreas de descanso de Lengüelle, Cerceda e Santa Irene, colocáronse máis de 50 cubrecontedores en diferentes puntos da Ruta Xacobeana e realizáronse labores de limpeza e desbroce nas parroquias de Ferreiros, Cerceda, Arca e Pereira.



PERSOAL PARA A OFICINA DE TURISMO

Realizáronse dúas contratacións para prestar o servizo na Oficina de Turismo, unha a través dun convenio de colaboración coa Axencia Turismo de Galicia e outra por un programa da Deputación para financiar os gastos de persoal das oficinas de turismo. As persoas contratadas realizaron tarefas de atención e información ao peregrino desde xuño até decembro.



CONTRATACIÓN DE SOCORRISTAS

Cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, o Concello contratou un socorrista para a piscina municipal entre o 24 de xuño e o 8 de setembro. Por outra banda, contratáronse outros dous socorristas co cofinanciamento da Deputación da Coruña, dentro da convocatoria de subvencións do Programa de Socorrismo.



CUADRILLA DE OBRAS

Cunha subvención da Deputación, con cargo ao Programa de Emprego Local, o Concello contratou catro persoas desempregadas para realizar obras e mantemento de servizos municipais e para tarefas de limpeza viaria e da rede de sumidoiros.



PROGRAMA APROL RURAL

Cofinanciado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, contratouse un peón forestal para a realización de tarefas de roza de leiras forestais de titularidade municipal desde o 13 de maio de 2019 ata o 12 de febreiro de 2020.



MANTEMENTO DE XARDÍNS

O Concello do Pino realizou a contratación dun peón xardineiro para realizar labores de limpeza e mantemento de xardíns e espazos naturais do municipio. O contrato foi de duración semestral, entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2019.



CURSO DE MANIPULADOR DE ALIMENTOS

Trece persoas asistiron ao curso de manipulador de alimentos celebrado o 22 de outubro e subvencionado polo Concello, que outorga o certificado acreditativo imprescindible para traballar en hostalería, supermercados, industrias alimentarias, residencias...

OPERADOR DE CARRETILLA ELEVADORA

Un total de 10 veciños e veciñas asistiron o pasado 14 de setembro ao curso de operador de carretilla elevadora, subvencionado polo Concello e de 8 horas de duración. Os participantes adquiriron coñecementos teóricos e prácticos no manexo da carretilla.



PLATAFORMA ELEVADORA MÓBIL DE PERSOAL

Cunha duración de 8 horas, catro delas teóricas e outras catro prácticas, o 21 de setembro realizouse un curso de plataforma elevadora móbil de persoal (PEMP) subvencionado polo Concello ao que asistiron un total de once veciños e veciñas do municipio.



OFERTAS DE EMPREGO, SUBVENCIÓNS E CURSOS FORMATIVOS

Desde a páxina web www.opino.gal danse a coñecer as ofertas de emprego público realizadas polo Concello, coa publicación das bases de selección e dos resultados dos procesos selectivos, así como as iniciativas de empresas privadas. Tamén se publicitan as subvencións e os cursos formativos doutros organismos públicos.

Esixen arranxar os viais de enlace da A-54

O Concello do Pino solicitoulle ao Ministerio de Fomento que asuma as obras de ampliación e mellora do firme da estrada local que serve de enlace da autovía Santiago-Lugo (A-54) coa N-547 cara a Cerceda e Touro, na saída 77. Un informe de seguridade viaria feito pola Garda Civil de Tráfico certifica que por este tramo, de 1,2 quilómetros, prodúcese situacións de perigo cando se cruzan dous vehículos, dado que o ancho medio da calzada é de 4,8 metros e nas beirras está moi deteriorado. Parte do desgaste desta vía débese a que durante a execución da A-54 á altura da actual rotonda estaba situada a planta de concentración de áridos, polo que o tráfico de camiións foi moi intenso no tempo que duraron as obras. O alcalde do Pino entregoulle a Fomento o informe realizado pola Garda Civil, así como un proxecto feito polo Concello que ascende a 106.271,29 euros e que permitiría ampliar 0,75 centímetros cada beiravía desta estrada e botar unha nova capa de aglomerado, para facer unha plataforma de, polo menos, 5,5 metros de ancho e mellorar a seguridade.



O concello inviste 74.000 € en mellorar a saída da Salceda

Ademais de reclamarlle a Fomento que arranxe a saída 77 da A-54 e de solicitar melloras nos accesos a autovía, o Concello de O Pino decidiu investir 73.664 euros na ampliación, acondicionamento e asfaltado dun tramo de 1,5 quilómetros dunha pista forestal situada na saída da Salceda, para evitar que os vehículos que saen da autovía neste punto atravesen o núcleo da Salceda, xa que esta estrada local ten 3 metros de ancho entre as casas e non caben dous coches. Con esta actuación, os vehículos saen da autovía cara a estrada que une Boavista (O Pino) e Dodro (Arzúa).



Máis sendas peonís e cuberta no parque infantil de Forcarei

A ampliación da rede de sendas peonís municipais, a cuberta do parque infantil da praza de Forcarei e a mellora de varias estradas son algunhas das obras aprobadas e acometidas durante o exercicio 2019.

No plan de obras para executar en 2019 dentro POS da Deputación estaba incluída a mellora da estrada local de O Marquiño ata o límite do concello de Arzúa por Medín (49.045 euros) e as obras de pavimentación de viais en Pumar (Gonzar) e na estrada que vai de Pumar a N-634 e de Cabanelas á N-634, que contaron cun orzamento de 68.090 euros. Outros 60.774 destináronse a obras na estrada que une Rabal de Arriba e de Abaixo, a pavimentación de viais en Barcia (Pastor) e na estrada que vai de Barcia a N-634. As actuacións tamén incluíron melloras na estrada local de Xesta a Frechazo Último (San Mamede) e de Suso ao lugar da Igrexa (San Breixo) por 58.053 euros.

A instalación da cuberta no parque infantil de Forcarei (89.600 euros) mellorará as condicións para que a cativada poida seguir gozando das instalacións tanto os días de moito sol como os de choiva.

O Concello continuou co plan de sendas peonís para mellorar asegu-



ridade eviaría da veciñanza. En decembro estaba xa rematada a senda que vai da igrexa de Castrofeito ata Santiso, (119.000 euros de fondos

proprios municipais) e estíbese executando a que vai da igrexa de Arca ata o cemiterio (68.000 euros) e que conecta coa estrada de Bama.

CASTROFEITO

Fomento atendeu a petición do Concello de asfaltar os viais paralelos á A-54 á altura da rotonda de Lavacolla. Esta medida beneficia á veciñanza de Castrofeito e doutros lugares, que pode acceder ao núcleo de Lavacolla e ao aeroporto sen entrar na autovía. O Concello tamén solicitou engadir o nome 'O Pino' na sinalización vertical.



Ampliación e mellora da estrada de Budiño

A ampliación da estrada que atravesa a parroquia de Budiño, unindo a N-634 con Oroso, foi outra das obras importantes que acometeu o Concello durante este ano, por un importe global de 400.000 euros. A actuación consiste en mellorar a capa de rodadura da estrada, o que mellorará a seguridade viaria e facilitará o desprazamento interno da veciñanza. A inversión para executar esta actuación ascende a 168.620,83 euros. Nesta mesma estrada estábase acometendo a finais de novembro a ampliación do firme en 0,75 metros a cada lado, para que o ancho total pase 4,5 a 6 metros. Ovigá executa esta obra por preto de 250.000 euros, polo que as actuacións neste vial superan os 400.000 euros.



NOVAS LUMINARIAS LED EN CINCO PARROQUIAS PARA FOMENTAR O AFORRO ENERXÉTICO

O cambio no alumeadado público con luces led de baixo consumo, con 178.000 € de inversión beneficiou a cinco parroquias, nos lugares de de Alta Pereira, Alvarín, Alvite, Castro, Cimadevila e Iglesia (na parroquia de Pereira), Bermas, Iglesia, Leborán, Piñeiro e Vento (O Pino); Burgo, A Rúa e Santa Irene (Arca); Salceda, Quintas, A Torre, Regas, Xesta, Ponte e Rourís (San Breixo de Ferreiros); Santa Irene, Rabiña, Castro, Brea, Ras e Xen (San Miguel de Cerceda).

A concentración de monte de Gonzar, a exposición pública

Un cento de veciños e veciñas de Gonzar asistiron á reunión co director xeral de Desenvolvemento Rural, Miguel Ángel Pérez Dubois, celebrada na Casa da Cultura a comezos de novembro, para informarse sobre o trazado que terá a concentración parcelaria de monte desta parroquia. Tras o período dun mes de exposición pública dos planos, a presentación de alegacións por parte dos propietarios e as resolucións destas, os técnicos elaborarán un novo proxecto que se volverá a expoñer ao público. As obras poderían comezar no mes de marzo de 2020.





Máis illas de colectores soterrados en Arca

O Concello continúa co plan de soterramento dos colectores do lixo en Arca, coa finalidade de mellorar os servizos á veciñanza e tamén a imaxe que ofrece a capital municipal aos milleiros de peregrinos que cada ano pasan por ela. Así, este ano creáronse novas illas de colectores soterrados nas avenidas de Santiago e da Igrexa, que veñen a sumarse ás seis xa existentes no municipio. O investimento total desta fase do proxecto ascendeu a 214.975,51 euros, dos que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda aportou 150.552 e o Con-



cello 64.422 euros. Estas actuacións en favor da mellora e humanización do concello, enmarcadas no Plan Urbe, iniciáronse en 2017. O inves-

timento total na colocación de contedores soterrados que facilitan a separación de residuos suma preto de medio millón de euros.

RECICLAR ACEITE DE COCIÑA

O Concello tamén apostou este ano por fomentar a reciclaxe de aceite de cociña usado, colocando colectores en espazos públicos e en locais sociais de varias parroquias para que a veciñanza colabore no coidado do medio ambiente. Impartíronse charlas en diferentes locais sociais, e na Xuntanza dos Maiores os asistentes recibiron un embudo para facilitar o vaciado nos colectores.



CAMIÑO DA RECICLAXE

No albergue de Santa Irene presentouse a cuarta edición de *Camiño da reciclaxe*, o proxecto ambiental que busca que os milleiros de peregrinos que anualmente percorren a Ruta Xacobeá poidan separar os residuos que xeran de forma selectiva para a súa posterior reciclaxe. 220 albergues sumáronse este ano á campaña, que se desenvolveu entre xuño e outubro.



Percorrido polo Camiño Portugués do litoral

Son moitas as veciñas e veciños do Pino que percorreron o Camiño Portugués da costa grazas ao *Camiña e Descubre*, un programa municipal que conta cun grande éxito de participación. De feito, hai andainas nas que se chegan a xuntar ata 60 persoas, como ocorreu no mes de xaneiro de 2019 na etapa inaugural desta ruta litoral desde Valença, en Portugal, ata O Porriño. Despois, case sempre o terceiro sábado de cada mes, chegarían outras etapas: do Porriño a Redondela, da Guarda a Porto Mougás ou de Nigrán a Vigo, entre outras.

O Concello de O Pino pon un autobús para desprazar aos asistentes ata o punto de saída e recollelos tras a chegada ao final da etapa. Para participar é preciso inscribirse previamente na Casa da Cultura ou biblioteca municipal e aboar unha cota de 8 euros de colaboración.



O Pino dáse a coñecer co vídeo 'Sinte o latexo'



"Sinte o latexo. Ven ao Pino" é o título do vídeo turístico que o Concello estreou para dar a coñecer e promocionar o potencial paisaxístico, cultural e gastronómico que ten o municipio. Máis de 200 persoas asistiron á primeira proxección do vídeo, nun acto no que tamén se fixo un avance do programa da XX Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar e no que Andrea Mosteiro, veciña de Arca, converteuse en protagonista ao interpretar unha canción xunto a Rosa Cedrón durante o concerto que pechou o evento.



Con este vídeo, producido por Xurdir, o Concello de O Pino quere potenciar os seus atractivos turísticos para que máis xente veña a coñecelos. O Camiño Francés e o do Norte, a praia fluvial do río Tambre, o río Mera e algunhas das igrexas do municipio aparecen reflectidas no vídeo, que ten como fío condutor a dous peregrinos que se atopan no Camiño e inician unha relación que comeza precisamente no Pino.



Escanea o código para ver o vídeo.

Turismo atende máis de 5.000 visitantes

O servizo de información turística do Pino recibiu máis de 5.000 visitantes entre xuño e decembro, dos que un 55% eran españois e un 45% estranxeiros. Destes, a meirande parte procedía de Estados Unidos e Italia. Polo que respecta ao turismo nacional, o 19% dos peregrinos viña de Madrid e o 16% de Andalucía. Nos meses de maior afluencia, á parte da oficina da Casa da Cultura abriuse un punto de información turística no Concello Vello.





O ambiente festivo enche a XI Feira Celta

O Pino vibrou durante a fin de semana do 3 de agosto coa celebración da Feira Celta, que congregou a numerosos veciños e visitantes na praza de Forcarei para contemplar tanto as exhibicións de cetrería como todas as actividades que se levaron a cabo durante as tres intensas xornadas. O trío TreeFolk foi o encargado de animar coa súa mú-

sica a Feira Celta na praza de Forcarei, que foi collendo vida coas exhibicións de cetrería, os espectáculos de malabares de Humans no Limits, a visita dos faunos e dos seres mitolóxicos e as exhibicións de aves rapaces. Na XI Feira Celta non podían faltar os atractivos para todas as idades, por iso houbo dende unha exposición de diferentes oficios,

como o cesteiro, zapateiros, teares, creación de chocas e de corcho; ata diferentes postos de artesanía e de alimentación para todos os gustos. Para os máis pequenos houbo xogos tradicionais, unha barca pirata e tamén un carrusel a pedais, ademais dun taller de maquillaxe, que caracterizou á cativada do concello como preciosas bolboretas.



ESPECTÁCULO DE LUME

Como en cada edición da Feira Celta, os espectáculos de lume chegaron ao caer a noite para animar a festa ata última hora. As compañías Phyros e Human No Limits puxeron o broche de ouro das dúas primeiras xornadas de festexos en O Pino. As actuacións deixaron ás decenas de asistentes coa boca aberta coas súas habilidades.





A Festa do Galo Piñeiro décadas con récor

A vixésima edición da Festa do Galo Piñeiro volveu ser un éxito de público, con miles de persoas visitando a Feira Celta, a Mostra Cabalar e tamén a carpa especial montada este ano para expoñer os 116 exemplares de galos e galiñas piñeiras, motivo que encheu de satisfacción aos integrantes da Asociación de Galiña Piñeira (Agalpi), que seguen traballando estreitamente co Concello de O Pino para conseguir que a Xunta de Galicia declare a galiña piñeira como raza autóctona, algo que xa conseguiu a galiña de Mos.



“Con este concurso, que estivo valorado polo xuíz internacional Miguel Ángel García, demos o primeiro paso. Para finais de ano acadaremos ao outro concurso que hai no País Vasco, o que nos permitirá entrar na Asociación Española de Avicultura”, explicaron Daniel Fernández e José Ramón Cillero, presidente e directivo de Agalpi. “Unha vez esteamos recoñecidos pola Asociación Española de Avicultura será máis doado reclamar á Xunta a declaración de raza autóctona”, engadiu Cillero.



Ñeiro cumpre dúas d de participación

En Predouzo déronse cita numerosas familias de O Pino e da contorna, xa que as actividades estiveron dirixidas tamén á cativada, que quedou especialmente abraida coa beleza dos galos e galiñas piñeiras que visitaron Arca durante esta fin de semana, así como cos exemplares que participan na mostra cabalar.

Na Feira de galos e galiñas vivas participaron 116 exemplares, procedentes de diferentes localidades galegas, tamén de Asturias e do País Vasco. Este ano, tanto Agalpi como o Concello decidiron non entregar premios en metálico no concurso de raza piñeira, no que houbo tres modalidades: galos e galiñas aperdizados, asalmonados e brancos, segundo a súa plumaxe. Tamén houbo un concurso de galos de curral, no que si se entregaron premios en metálico. Lucas Magadán alzouse como mellor criador e José Ramón Cillero co premio ao mellor galo aperdizado. En galo de curral os premios foron para Matías Miranda e José Antonio Pose.



Escanea o código
para ver o vídeo.

'O fin do Camiño' e as motivacións dos peregrinos

Explicar "as motivacións e o que senten os peregrinos cando fan o Camiño de Santiago" é o obxectivo que persegue a mostra *O fin do Camiño*, promovida polo colectivo Egeria e que se puido visitar na Casa da Cultura de Arca os últimos días de novembro e primeiros de decembro. Á inauguración asistiu o presidente de Egeria, Xulio Xiz. "Quen fai o Camiño ten unha motivación externa e outra interna, e ao rematar o seu peregrinar dáse de conta de que remata unha etapa importante da súa vida", explicaba Xulio Xiz durante o acto oficial de inauguración.

A mostra consta de 10 paneis con fotos e textos en galego, castelán e inglés polas dúas caras, nos que se fai alusión, entre outros, a temas como 'O motor da fe', 'Hai máis de mil anos' ou 'Cara a unha terra de brumas e luz'. O panel que dá nome á exposición expresa que "os Camiños que conducen a Compostela teñen unha fin física" delimitada, pois todos acaban diante da tumba do Apóstolo Santiago, para finalizar asegurando que nese punto "remata o Camiño físico,



o esforzo, o sacrificio. E aquí empeza todo. A fin do Camiño física é o comezo dunha vida diferente".

Esta exposición percorre o Camiño Francés por Galicia en sentido inverso. Empezou en Santiago de

Compostela, e despois de permanecer no Pino ata o 3 de decembro continua por Arzúa, Melide ata Pedrafita do Cebreiro entre os meses de decembro e xaneiro. "Despois continuaremos polos outros camiños", explicou Xiz.

Degustación de galo piñeiro co Itinerario Gastronómico

Con caldo, pan e viño... faise o Camiño é o lema que figuraba na cunca de barro coa que se tomou o caldo de galiña piñeira durante a xornada de degustación gratuita celebrada na Casa de Cultura de Arca dentro dos 'Itinerarios gastronómicos do Camiño Francés' que promove a Mancomunidade de Municipios Galegos. O restaurante Regueiro de Arca tamén preparou galo con patacas, que tamén puideron degustar os asistentes á inauguración das dúas exposicións que se puideron



visitar na Casa da Cultura: *O fin do Camiño* e a de Ana Rosa Lista Sebe. A xornada do Pino foi a última do

Itinerario Gastronómico do Camiño Francés, que se celebrou en todos os concellos galegos deste Camiño.



Arte, música e obradoiros na Xornada Urbana

A cultura urbana estivo moi presente en outubro nas rúas de Arca. Durante catro días, mozos e mozas do CPI Camiño de Santiago amosaron as súas dotes artísticas no macro mural creado por Brais Rodríguez, unha actividade que culminou coa celebración dunha Xornada Urbana o sábado 5 de outubro na Praza de Forcarei.

Monitores de Vella Escola dirixiron os obradoiros de *skateboarding*, *turntablism dj* e *breakdance*. Para o correcto desenvolvemento destas actividades, habilitáronse na Praza de Forcarei un *skatepark* móbil e unha pista de baile. Os máis novos do concello participaron nesta xornada de aprendizaxe e diversión.



MACRO MURAL COLECTIVO

O alumnado de 4º da ESO do CPI Camiño de Santiago, baixo a dirección do artista Brais Rodríguez, participou na creación do macro mural na rúa do Peregrino xunto ao pavillón municipal, que xa forma parte do decorado que atopan os camiñantes na Ruta Xacobeá ao seu paso por Arca. A temática da obra está relacionada con elementos identificadores tanto do municipio como da mocidade: a escola, a música, O Pino e a súa festa do galo piñeiro e mostra cabalar e o Camiño de Santiago. Os rapaces e rapazas que participaron na actividade recibiron formación sobre a técnica de pintura ao graffiti da man de Brais Rodríguez, de Vella Escola.



Papá Noel e os Reis Magos regalan ilusión

Papá Noel e os Reis Magos repartiron agasallos e ilusión entre a cativada do Pino. O primeiro fixo parada nos tres centros escolares, mentres que as Súas Maxestades de Oriente

percorreron as parroquias antes da recepción oficial nun polideportivo ateigado de xente. Tamén en Reboredo os pequenos gozaron dunha tarde de xogos e chocolatada,

como parte dun Nadal Benéfico co que colaborou a veciñanza aportando produtos non perecedoiros. Ademais, a Banda de Música de Arca ofreceu un concerto de Nadal.



Escanea o código para ver o vídeo.

CONCURSO DE POSTAIS

A clase de 2º B de Primaria do CPI Camiño de Santiago deseñou a postal coa que o Concello felicita o Nadal 2019. No concurso organizado pola Concellaría de Cultura tamén gañaron: Clase de 6º de Infantil; Ramón Gacía Pérez (3º de Primaria), Sofía Pérez Otero (2º ciclo de Primaria) e Xiana Noya Hermida, en ESO. Todos eles recollerán o premio durante a visita dos Reis Magos.



Xiana Noya Hermida



Clase de 2º de Primaria



Clase de 6º de Infantil



Sofía Pérez Otero



Ramón García Pérez



Colorido e parodias no concurso de Entroido

Máis dun cento de persoas desafiaron a chuvia e participaron no concurso de disfraces de Entroido, no que o Concello repartiu máis de 1.700 euros en premios. O desfile caracterizouse tanto polo colorido dalgúñas comparsas como polas notas de humor das parodias. Precisamente foi a parodia organizada polo alumnado de cuarto da ESO a que acadou o primeiro posto na categoría de comparsas polo *Enterro de Benito*, un cortexo fúnebre moi especial no que non faltou a música en directo. O premio ao disfrace máis orixinal recaeu nos *Trolls do Pino*, que encheron de cor a Praza do Concello, algo que tamén fixeron as *Drag runners*, que subiron ao escenario para bailar sobre unhas plataformas que dificultaban manter o equilibrio, o que lles valeu o premio ao mellor grupo. Pola súa banda, *Os Simpson* chegaron á praza do Concello co señor Burns metido no maleteiro do seu coche tuneado, e levaron o premio á mellor carroza, unha aportación que regalarían máis tarde ao curso de cuarto da ESO para contribuír coa excursión de fin de curso. No apartado de parellas proclamáronse vencedores os *Jorriñas*, que apareceron nun cortacésped con remolque. Por último, na categoría infantil *O astronauta* e *A velliña* obtiveron o primeiro e o segundo galardón.



Escanea o código para ver o vídeo.



Espectáculos para celebrar a fin do curso

O departamento municipal de Cultura programou diferentes espectáculos para celebrar a fin do curso escolar cos nenos e nenas do concello. Así, Caxoto contacontos achegou os seus *Contos a pé de rúa* á unitaria de Gonzar, mentres que o alumnado de Infantil puido coñecer as historias dos títeres de Manuel Solla coa súa *Maxia dos contos* na Casa da Cultura. No CPI Camiño de Santiago *Os xogos*

do Paporrubio mantiveron entretido ao alumnado de Primaria con xogos tradicionais. Os rapaces e rapazas de 1º a 3º da ESO aprenderon da man de *As Dríadas-Exide* os diferentes estilos de hip-hop, atrevéndose a bailar unha coreografía feita por eles. Por último, os adolescentes de 4º da ESO celebraron a súa graduación e recordaron a etapa vivida no centro educativo do Pino.

Por outra banda, os grupos de teatro da ANPA CPI Camiño de Santiago representaron tres obras na Casa da Cultura como peche das actividades extraescolares. Baixo a dirección da mestra Helena Hernández, protagonizaron *Os catro dormidiños*, *Parque circo* e *O deente*, sendo esta última unha obra orixinal creada polo alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria do CPI Camiño de Santiago.



Un animado mes de xullo con Aula Aberta na biblioteca

Arredor de cincuenta rapaces e rapazas asistiron en xullo aos espectáculos de Aula Aberta, incluídos no programa Ler Conta Moito da Rede de Bibliotecas de Galicia. Electra Menéndez foi quen abriu o programa con *A casa das letras*, unha actividade que combina a narración oral coa manipulación dos bonecos das letras. Os pequenos de 3 a 6 anos achegáronse ao cancionero tradicional con *Bibliocanta*, da man de Eduvía. Outra das actividades foi o xogo de pistas *Rescate na biblioteca*, de Antía Yáñez. Finalmente, Dani Viéitez e Iria Iglesias presentaron *Pelo de nube*, nunha sesión que combinou narración e creación.



Teatro e maxia na programación de verán



HISTORIAS VIAXEIRAS EN TEATRO DE PAPEL

Juste Kamishibai, Papel e Teatro presentou na Casa da Cultura as súas *Historias viaxeiras*. Combinando os contos co kamishibai, que en xaponés significa "teatro de papel", esta montaxe puxo en valor a cooperación, a igualdade, a concienciación ambiental e a lectura.



MAXIA DIVERTIDA AGOCHADA NOS CONTOS

Maxia divertida 2.0. Esta foi a proposta do Mago Paco para descubrir a maxia divertida que se agocha nos contos, empregando para tal fin historias, xogos e ilusionismo. O espectáculo celebrouse na Casa da Cultura como parte do programa Ler conta moito.



BARRACA E MOSTRA DE TÍTERES DO CAMIÑO

A compañía Títeres Cachirulo presentou o espectáculo *A Barraca Camiño a Compostela*, coas aventuras de personaxes vinculados á tradición xacobeá. Ademais, na Casa da Cultura quedou instalada unha mostra de marionetas vencelladas á historia do Camiño.



O PÚBLICO PARTICIPA CO PALLASO LOLO

Barafunda Teatro presentou na piscina municipal o seu espectáculo interactivo e familiar *Globotolo*, no que o pallaso Lolo sorprendeu aos asistentes facendo figuras imposibles con globos. O clown fixo partícipe ao público dos seus divertidos números.



RISAS NA PISCINA CON 'DUNCAN DE PALLEIRO'

As aventuras e desventuras de *Duncan de Palleiro*, un can dunha raza moi especial, e do seu amigo Antonio, fixeron rir a pequenos e maiores durante a representación que Lila Teatro fixo na piscina municipal dentro da programación de verán que organiza o Concello.



PIRATAS QUE LOITAN POLA IGUALDADE

Os participantes nos campamentos de verán organizados polo Concello puideron vivir a *Aventura de Daniela Pirata*. Superaron probas e a través de contos sobre a igualdade de xénero loitaron contra o capitán que non deixa ás nenas ser piratas no seu barco.

Día do Libro, unha xornada de celebración

A narración de contos e a biblioteca municipal foron protagonistas nas conmemoracións do Día do Libro. Así, o departamento municipal de Cultura decidiu trasladar unha selección de libros da biblioteca ás

aulas da escola infantil Galiña Azul, para dar a coñecer estes fondos aos máis pequenos. No canto do alumnado do CPI Camiño de Santiago, foron eles quen visitaron a biblioteca para coñecer de preto cales son os

servizos que alí se ofrecen. Ademais, os pequenos e pequenas puideron gozar coas narracións a cargo tanto da concelleira Eva Varela como da responsable da biblioteca Ana Vigo, que exerceron de contacontos.



Soledad Felloza presenta as súas 'Bolboretas' no Día das Bibliotecas

O alumnado de Educación Primaria do CPI Camiño de Santiago gozou da actuación de Soledad Felloza e as súas *Bolboretas* na Casa da Cultura de Arca, como parte das actividades conmemorativas do Día Internacio-

nal da Biblioteca que se celebra o 24 de outubro. A contadora relatou a historia de Salaia, Laia e a súa nai, tres mulleres bolboretas que voan alto para amosar un mundo sen violencia no que a igualdade é posible.



BIBLIOTECA MUNICIPAL

A Biblioteca Municipal está situada no Centro Sociocultural Luís Seoane e conta cunha sala de lectura, cunha zona de xogos para a infancia e con ordenadores de acceso libre e gratuito. Ademais de dispoñer do servizo municipal de préstamo, tamén conta cun banco de libros, no que moitas persoas prestan os seus libros por un tempo limitado para que outras poidan gozar da lectura. Para ter acceso a todas as opcións que ofrece a Biblioteca Municipal é preciso ser socio, o que se pode conseguir cubrindo un impreso e entregar xunto a el unha foto tamaño carné e presentar o DNI.

'O gaiteiro de Arca' de Ana Rosa ficará no Pino

"Levo cinco anos dando clases de palillos no Pino, e dende o primeiro día que entrei" na Casa de Cultura de Arca "chiscábame o ollo. Heite pintar, díxenlle". Ana Rosa Lista Sebe, artista amesá que se converteu nun referente do encaixe galego, tardou tres meses en facer *O gaiteiro de Arca*, unha das obras de Luis Seoane feitas con encaixe que forman parte da exposición que se que se puido ver en decembro na Casa da Cultura. E a continuación soltou a sorpresa: "Despois de que a mostra visite Ames e a Exposición Internacional de Encaixe de Barcelona, no mes de maio, quero que esta obra fiquen aquí, no Concello de O Pino".

Coa exposición que inauguraron o alcalde, Manuel Taboada, e a propia artista, a Concellaría de Cultura queríalle render unha homenaxe a Ana Rosa Lista, "por todo o traballo que leva facendo no Pino dende que empezou a dar clases de palillos e bordado no 2014", dixo a concelleira Eva Varela mentres lle entregaba un ramo de flores. A reacción de Ana Rosa non se fixo esperar, con cara de sorpresa e algo emocionada anunciou que era a súa intención que "*O gaiteiro de Arca* fiquen no Pino".

Ana Rosa Lista quérelle dar un "aire fresco ao encaixe" e por iso introduce a cor nesta exposición. No cadro, feito con liño galego, traballou durante tres meses e pediulle a un veciño que lle fixera en madeira os trozos de gaita. Ao rematar, Ana Rosa meteuse a fondo na obra e vida de Luis Seoane, Fillo Predilecto de O Pino dende o ano 2008, e completou unha colección de dezaseis cadros na que traballou tres anos. O polifacético galeguista "deixoume expresar todo o que eu quería nesta colección", dixo Ana Rosa Lista, natural de Ames. "Algúns dos temas recórdanme cousas da miña nenez, hai obras que significan algo para min, como o peregrino, a pomba, o mariñeiro, as mulleres". O Pino foi o segundo lugar



CURSO DE COSTURA NO PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIAS

O curso de costura, igual que o de palillos e o de bordado ao aire, forma parte das actividades culturais do Pino. Tres días á semana, as asistentes aprenden a facer patróns, diferentes pezas de roupa e a reparar a existente.

no que se viu completa esta exposición, que estivo en abril na Palillada de Pontevedra.

As obras de Luis Seoane feitas con encaixe forman parte da segunda colección de Ana Rosa. Antes traballou dous anos nunha sobre o *Camión de Santiago*, coa que foi finalista no XI Certame de Artesanía Antonio Fraguas da Deputación da Coruña, que se puido ver na Mostra Internacional de Peniche (Portugal). Ana

Rosa Lista, que xa foi premiada polos seus deseños na Mostra do Encaixe de Camariñas, fixo varias exposicións internacionais e, dende 2014, imparte clases de palillos e bordado ao aire no Pino. Ás súas alumnas insístelles máis dunha vez que "co encaixe pódese facer arte" e conseguiu que "vexan o encaixe doutra maneira". De feito, na exposición tamén se puideron ver obras feitas polas asistentes aos cursos do Pino, como un escudo do concello.

Formación universitaria para maiores de 50 anos

Un total de quince veciños e veciñas do Pino participaron na experiencia de formación universitaria para maiores de 50 anos *Camiños de coñecemento e experiencia. Proxecto de democratización do coñecemento*. Con matrícula gratuita, o alumnado asistiu ás clases impartidas en maio na Casa da Cultura por profesorado da Universidade de Santiago. Tratáronse asuntos de temática diversa: desde o papel das familias na educación, ata o cine como linguaxe ou os tesouros agochados no rural, pasando pola definición do envellecemento. Ademais, os asistentes participaron nunha visita ao Pazo do Faramello, en Rois, guiados pola profesora de Xeografía e Historia María Canedo Barreiro.



Éxito de público nos concertos da Banda de Música de Arca

A veciñanza do Pino gozou das interpretacións da Banda de Arca en varias ocasións neste 2019. No Día das Letras a Banda ofreceu un concerto, xunto con Cantigas e Agarimos, e o alumnado amosou os coñecementos adquiridos no festival de fin de curso en xuño. Na Xuntanza dos Maires ou no Nadal non faltou a nota musical; e, no mes de setembro, celebrou o recital *Disney en concerto* na praza de Forcarei.



INGLÉS LÚDICO

O Concello promove as clases de inglés para nenos e nenas de 3 a 16 anos que se imparten en grupos reducidos no local municipal da praza de Forcarei, e que buscan favorecer a aprendizaxe de xeito lúdico.



INFORMÁTICA PARA ADULTOS

Os veciños e veciñas beneficiáronse no primeiro semestre do ano dun curso de informática para adultos organizado polo Concello, coa fin de incorporarse ou mellorar as súas habilidades coas novas tecnoloxías.



Bos resultados no cross escolar para O Pino

A fase comarcal do Campionato escolar de campo a través reuniu a principios de decembro na área recreativa da Madalena a 1.150 nenos e nenas de categorías dende benxamín ata cadete. En representación do CPI Camiño de Santiago do Pino acudiron 66 atletas, dos cales 11 conseguiron clasificarse para a fase intercomarcal que se celebrará en xaneiro en Santiago. A proba estivo organizada pola Secretaría Xeral para o Deporte, a través do programa Xogade, en colaboración coa Fundación Deporte Galego e a Federación Galega de Atletismo.

Ana Mecías Rey e Pablo Sánchez Mella foron os gañadores da categoría benxamín, mentres que Fernando Franco García quedou segundo en cadetes. Foron os tres mellores clasificados entre os representantes do Pino, que conseguiron outras oito prazas máis para participar en Santiago.





O envellecemento activo triunfa no Pino



No concello do Pino o deporte non entende de idades. Un ano máis, co comezo do curso chegou o momento de iniciar as actividades deportivas municipais, dirixidas a todos e todas as veciñas. Por suposto, non só a cativada pode gozar da ampla oferta que o Concello pon a disposición da veciñanza, senón que os adultos son tamén protagonistas. Por iso a ximnasia por parroquias conta con máis de 50 adeptos. Ben é certo que manterse activo é primordial para contar cunha saúde de ferro, mais de seguro que os motivos que levan á veciñanza das parroquias de Lardeiros, Gonzar, Ferreiros, Budiño, Pastor e Castrofeito

que acode cada martes e venres á cita que teñen con Álex, o monitor, son moitos máis que o deporte en si mesmo.

Este encontro semanal crea amizades e vínculos moi especiais entre os participantes, xa que despois de varios anos facendo deporte xuntos, os veciños e veciñas das diferentes parroquias xa contan con milleiros de anécdotas para o recordo propiciadas polos diferentes xogos que desenvolven na actividade. Sexa estirando, correndo, poñendo a proba a coordinación, o equilibrio ou a forza, o factor común de todas as tardes é o sorriso. Cada xornada





de ximnasia pasa entre contos e risas, aínda que tampouco faltan os pequenos rifirrafes por culpa das “trampas”, que rapidamente se resoven.

Cómpre destacar a concienciación dos adultos do Pino á hora de querer facer deporte. Varias decenas de veciños e veciñas de todo o concello saben o importante que é incluír diferentes actividades deportivas na rutina. Os participantes saben de primeira man que a multitude de dinámicas que se propoñen e levan a cabo na ximnasia benefician á súa respiración, mobilidade, psicomotricidade e musculatura. Ademais, as actividades deste tipo son moi positivas para as relacións sociais no rural.



IOGA E PILATES GAÑAN ADEPTOS

A oferta deportiva para adultos tamén inclúe as multitudinarias clases de pilates e ioga. Os participantes aseguran que “o segredo do seu éxito é a relaxación”. As dúas actividades gañan adeptos cada ano grazas á súa axuda na mellora da condición física, pero “o que máis lles gusta e a relaxación que aportan”.





Peche por todo o alto das escolas deportivas

O polideportivo municipal do Pedrouzo encheuse ata os topes coa clausura das escolas deportivas, celebrada o sábado 8 de xuño. Números familiares e amigos acudiron para animar aos 250 nenos e nenas que participaron nas actividades culturais, deportivas e extraescolares que organizaron o Concello de O Pino e a ANPA do CPI Camiño de

Santiago durante o curso escolar 2018/2019. Patinaxe, baloncesto, bádminton, baile moderno, fútbol sala, robótica, informática, zumba e kárate foron algunhas das exhibicións coas que nenos e adolescentes fixeron as ledicias dos maiores que os animaban dende as bancadas. Durante un pequeno descanso para repoñer forzas cuns petiscos,

os asistentes puideron tamén comprobar as habilidades adquiridas polo alumnado do colexio que participou na actividade e artes plásticas. Ao rematar as exhibicións, todos os nenos e nenas asistentes á gala de clausura levaron como recordo unha medalla e unha mochila coa que os agasallou o Concello de O Pino.



ALTA TAXA DE PARTICIPACIÓN

A ampla e variada oferta de actividades que organiza o departamento de Deportes conta cunha das taxas de participación máis altas de Galicia, en relación co alumnado matriculado no colexio público do municipio, grazas aos 250 participantes que cada ano apostan por pasar o seu tempo libre de xeito activo no Pino.



Unha Carreira Pedestre Popular de récord

O sol acompañou ao gran ambiente que se viviu durante toda a tarde do 11 de maio nas inmediacións da praza de Forcarei, lugar de saída e meta das probas da XVI Carreira Pedestre Popular de O Pino, que percorrían parte do trazado do Camiño de Santiago.

Manuel Ángel Penas Blanco e Paula Mayobre González foron os protagonistas da proba, que bateu o seu récord de asistencia con 610 corredores de todas as idades. Os dous primeiros foron os gañadores da categoría absoluta; Emma Tarrío a atleta máis nova, con só 11 meses; e Xosé Manuel Carballeira o máis veterano, con 74 anos.

A categoría absoluta foi a máis numerosa, ao contar con 256 participantes, e moi concorrida estivo tamén a categoría de Pitufos, na que 48 nenas e nenos menores de 6 anos percorreron unha distancia de 300 metros, despertando admiración, sorrisos e moitos aplausos.



ENTREGA DE PREMIOS

Houbo trofeos para os tres primeiros de cada categoría, así como para os atletas locais e os clubs federados. Anova, patrocinador oficial, agasallou aos gañadores absolutos cunha motoserra.





A choiva reparte sorte no Pescapino 2019

Un ano máis o mes de xullo acolleu unha das celebracións favoritas da cativada do Pino. Nunha xornada marcada polo mal tempo, os nenos e nenas do concello armáronse de paciencia, sacaron as canas e foron ata a área recreativa da Madalena con todas as súas ganas de pescar máis dun peixe no Pescapino 2019.

Debeu ser que a choiva repartiu sorte, porque todos os participantes conseguiron algunha peza e a maioría dun tamaño considerable. "Se fixera sol seguro que non picaban tanto", sinalaban algúns dos afeccionados que formaron parte da organización. Durante pouco máis dunha hora, os vinte partici-

pantes conseguiron capturar máis de 30 troitas en total, 10 en cada unha das tres categorías: benxamín (de 4 a 7 anos), alevín (8 a 10) e infantil (11 a 13). Algúns dos maiores deixaron claro que foron dalo todo e animáronse a meterse ata que a auga lle chegaba aos xeonllos para pescar o mellor exemplar.



OS GAÑADORES

De entre os vinte participantes, a pescadora da categoría benxamín Ainoa Rodeiro pescou a troita máis grande, de 475 gramos, e o infantil Rubén Alonso colleu outra de 313 gramos. O que máis troitas pescou foi lago Bello, con cinco exemplares e seguido de Pablo Martínez, con catro. Tres pezas conseguiron Hugo Otero, Juan Fernández e Nicolás Suárez.

O Gran Camiño convence un cento de corredores

O terceiro medio maratón O Gran Camiño, que se realiza entre os concellos de Arzúa e O Pino, contou coa fidelidade de nada máis e nada menos que 120 corredores.

A beleza do Gran Camiño animou a centos de veciños do municipio e da contorna a percorrer un tramo do Camiño Francés desta maneira tan especial e diferente, na que os participantes da carreira se converten en peregrinos por un tempo.

O atleta arzuán Lolo Penas e a muradana Tina Fernández cumpriron cos pronósticos que os perfilaban como favoritos do medio mara-



tón O Gran Camiño e dominaron a proba dende que se deu a saída en Arzúa. Na meta de Arca ambos corredores foron os primeiros na clasificación xeral masculina e femi-

nina. Penas parou o cronómetro en 1:11:50 horas tras percorrer os 21 quilómetros deste medio maratón, mentres que Fernández marcou un tempo de 1:28:09.



A ANÉCDOTA

Ninguén quixo perder este evento tan esperado. Por iso, entre os 120 corredores que tomaron a saída en Arzúa figuraba o peregrino canario Jesús Martín Vargas, que tras chegar a Arca facendo o Camiño de Santiago e ver que se ía celebrar a proba atlética, solicitoulle á organización o poder participar e foi quen de rematar no posto 25 da clasificación xeral.





Ocio e cursos de natación durante o verán

A piscina municipal do Pino acolleu este verán a multitude de veciños e veciñas que puideron gozar das instalacións de Reboredo no seu tempo de ocio pero, tamén, aproveitar

o tempo libre para aprender ou perfeccionar os seus coñecementos sobre natación. Así, celebráronse cursos para aboados distribuídos en dúas quendas, sendo de dous

días á semana, de luns a xoves e de 12.30 a 13.15 horas. A cota foi de 3 euros para nadadores ata 16 anos, mentres que os adultos pagaron 9 euros pola inscrición.



FÚTBOL SALA

Este ano conseguiu-se traer ao concello do Pino a liga de fútbol sala de categoría cadete, dando así continuidade á práctica dos máis novos desta disciplina.



BÁDMINTON


Oito participantes das escolas deportivas municipais disputaron a fase local do campionato de bádminton. Para iso, os rapaces e rapazas do equipo desprazáronse a Boimorto e Trazo, tendo lugar a última xornada desta fase no propio concello do Pino.



A SD O PINO GAÑA A I COPA GALO PIÑEIRO

O campo de fútbol de Reboredo acolleu este verán a celebración da I Copa Galo Piñeiro de Xuvenís e Modestos, resultando vencedora nesta última categoría a SD O Pino, organizadora do torneo. O evento contou co patrocinio do Concello de O Pino.

DISTANCIAS MÍNIMAS QUE DEBEN RESPECTAR AS NOVAS REPOBOACIÓNS FORESTAIS E REXENERADOS DE ESPECIES



XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL

Débese manter limpa de biomasa unha franxa de 50 metros dende:

- Solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable
- EdificacIóns e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasolineras e parques e instalacións industriais
- Construcións illadas en solo rústico

ESPECIES FRONDOSAS E CONÍFERAS

Estas especies veñen recollidas no Anexo I da Lei 7/2012 de montes de Galicia

- Piñeiro silvestre, teixo, ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, freixo de folia estreita, castaño, castaño híbrido, cerdeira, carballo, cerquiño, rebolo, sobreira, aciñeira, abeleira, faia, olmo, loureiro, mostallo, serbal dos cazadores, nogueira, érbedo
- As distancias só se lles aplican ás novas repoboacións



Senda botánica do río Mera

O Pino, o encanto do natural



Rúa do Concello, s/n • 15821 Pedrouzo, Arca • O Pino
Tel. 981 511 002 • Fax: 981 511 123
correo@opino.gal • www.opino.gal